

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VILARMAIOR

Aprobación definitiva de modificación da Ordenanza fiscal n.º 12

ANUNCIO

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión de data dez de setembro de dous mil dezanove, a modificación da Ordenanza fiscal n.º 12, reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga potable e das acometidas á rede xeral de abastecemento de auga, e unha vez rematado o prazo de trinta días de exposición ao público, cómpre proceder á publicación do acordo elevado a definitivo por non se presentar reclamacións, así como o texto íntegro da modificación, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co artigo 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Esta modificación será de aplicación desde o un de xaneiro de 2020.

ORDENANZA FISCAL N.º 12, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DAS ACOMETIDAS Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA

ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 e 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga potable e das acometidas á rede xeral de abastecemento de auga, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal que atende ó previsto nos artigos 20 a 27 da devandita Lei 39/1988.

ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

De acordo co previsto nos artigos 58 e 20.1.4.t) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo do subministro domiciliario de auga potable e das acometidas á rede xeral de abastecemento de auga.

ARTIGO 3.-SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou sexan usuarios do servizo e as que resulten beneficiadas ou afectadas por dito servizo.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos dos contribuíntes, os propietarios das vivendas ou locais nos que se preste o servizo, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidariamente, das obrigas tributarias do suxeito pasivo establecidas nesta ordenanza, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.-BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

Estará constituída por:

No subministro ou distribución da auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde esté instalado o servizo.

Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial ou vivenda individual.

ARTIGO 6.-COTA TRIBUTARIA.

1.-A cota tributaria é a contida nas tarifas seguintes:

USOS DOMÉSTICOS	
Cota fixa mensual	4,32 €/abonado mes
Consumo	
Ata 10 m ³ /mes	0,35 €/m ³
Máis de 10 m ³ a 20 m ³ /mes	0,48 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes	1,11 €/m ³
USOS COMERCIAIS E INDUSTRIAIS/AGRÍCOLAS E GANDEIROS	
Cota fixa mensual	5,41 €/abonado mes
Consumo	
Ata 10 m ³ /mes	0,45 €/m ³
Máis de 10 m ³ a 20 m ³ /mes	0,67 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes	1,11 €/m ³
USOS PARA OBRAS	
Cota fixa mensual	5,41 €/abonado mes
Consumo	
Ata 10 m ³ /mes	0,45 €/m ³
Máis de 10 m ³ a 20 m ³ /mes	0,67 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes	1,11 €/m ³
CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS E CONTADORES	
De acometidas	0,39 €/abonado mes
De contadores	0,31 €/abonado mes
XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS	
Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago	4,55 €
DEREITOS DE OBRA DA ACOMETIDA Á REDE DE AUGA MUNICIPAL E INSTALACIÓN DE CONTADOR	
Ata 5 metros á rede en tubería de 1"	668,04 €/unidade
0 exceso de 5 metros, se facturará previo orzamento realizado pola empresa concesionaria	
FORMALIZACIÓN DE PÓLIZA POR CONEXIÓN Á REDE	64,94 €
FORMALIZACIÓN DE PÓLIZA POR CAMBIO DE TITULARIDADE	14,43 €

2.-As tarifas anteriores non inclúen o IVE, que se engadirá en todo caso.

ARTIGO 7.-DEVENGO.

A taxa devengarase desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude ou desde que se utilice o servizo sen ter obtido a previa autorización.

Os dereitos de acometida retribuiranse no momento de solicita-la conexión á rede municipal de abastecemento de auga ou a súa modificación, ou cando a Administración teña coñecemento de instalacións de contadores ou acometidas non autorizadas.

ARTIGO 8.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente taxa.

ARTIGO 9.-LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN.

1.-As tarifas anteriores serán liquidadas por períodos trimestrais vencidos.

2.-O pagamento da taxa efectuarase, polo obrigado a realizalo, no prazo de trinta días a partir da data da notificación do recibo.

3.-As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 10.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, aplícase o disposto na Lei Xeral Tributaria artigos 77 a 89, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Vilarmaior, 18 de decembro de 2019.

O ALCALDE

Carlos Vázquez Quintián